

# PROGRAMA OPERATIVO FSE - GALICIA 2007-2013

*O Fondo Social Europeo  
inverte no teu futuro*

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Secretaría Xeral de Política Social

 **COGAMI**  
Confederación Galega de  
Persoas con Discapacidade

  
UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inverte no teu futuro"

A nova política de cohesión da Unión Europea para o período 2007–2013, financiada a través do FEDER, o FSE e o Fondo de Cohesión, reformula os seus principais obxectivos de CONVERXENCIA, COMPETITIVIDADE REXIONAL E EMPREGO, e COOPERACIÓN TERRITORIAL EUROPEA.

Galicia inscríbese no obxectivo "Converxencia", xunto a Castela-A Mancha, Extremadura e Andalucía, en España, por ter un PIB per cápita inferior ao 75% da media comunitaria, segundo datos de 2000–2001–2002, e recibe axuda dos fondos polos obxectivos "Converxencia" e "Cooperación Territorial Europea", en total 5.684 millóns de euros.

Os PROGRAMAS OPERATIVOS que se investirán en GALICIA concentran os seus recursos nos seguintes obxectivos:

- Converxer en termos de crecemento e emprego
- Impulsar e dinamizar a economía rexional
- Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego
- Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia
- Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible.

Establece como **obxectivos** da ESTRATEXIA DO PROGRAMA OPERATIVO FSE–GALICIA:

- Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- Promover oportunidades de integración social e laboral a persoas con discapacidade e persoas excluídas e en risco de exclusión do mercado de traballo.

## ACTUACIÓNS 2007-2013

Ao longo do período 2007–2013 estase levando a cabo a través da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), mediante convenio cofinanciado polo FSE:

- un programa de cursos de **Formación Profesional** dirixido a persoas con discapacidade **residentes** na Comunidade Autónoma de Galicia que se complementará con actuacións de orientación que fomenten a inserción laboral destas persoas, procurando así mesmo incrementar a participación na formación e a inserción laboral das mulleres con discapacidade
- e un programa de cursos de Formación Ocupacional dirixidos a persoas con grandes discapacidades residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que a entidade COGAMI vai desenvolver con carácter presencial no Centro de Fingoi, situado na localidade de Lugo, e a distancia para o resto das localidades da comunidade autónoma de Galicia coa finalidade de fomentar a formación e inserción laboral, optimizando as súas capacidades, procurando así mesmo incrementar a participación das mulleres con discapacidade.

As actividades obxecto de dito convenio están encadradas no Programa Operativo do Fondo Social Europeo–Galicia 2007–2013 co obxectivo de fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres, e a integración e reintegración na vida laboral de persoas con discapacidade; loitar contra a discriminación no acceso e na evolución no mercado laboral e promover a aceptación da diversidade no lugar de traballo; propoñendo oportunidades de integración social e laboral ás persoas con discapacidade.

O programa está subvencionado polo FONDO SOCIAL EUROPEO (80%) e a CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA– Secretaría Xeral de Política Social (20%).